

## **NORMATIVA DE TRANSFERENCIA E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O *Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais* determina que as universidades elaborarán e farán pública a súa normativa sobre o sistema de recoñecemento e transferencia de créditos. Así mesmo, defínense estes conceptos e os seus principais efectos no contexto das novas ensinanzas universitarias oficiais.

En cumprimento do disposto no *Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais*, e modificacións posteriores, o Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión de 21 de marzo de 2018 acordou aprobar a **NORMATIVA DE TRANSFERENCIA E RECOÑECIMENTO DE CRÉDITOS**.

### **Artigo 1.- Transferencia de créditos**

1.1 A transferencia de créditos consiste na inclusión nos documentos académicos oficiais acreditativos das ensinanzas seguidas por cada estudante da totalidade dos créditos obtidos nos ensinamentos oficiais cursados con anterioridade, na mesma ou noutra universidade, que non conduzan á obtención dun título oficial.

1.2 A Universidade de Vigo transferirá ao expediente académico do seu estudantado, previo pedimento da persoa interesada, todos os créditos obtidos nas ensinanzas oficiais cursadas nesta universidade ou noutra universidade e reflectiranse no Suplemento Europeo ao Título.

### **Artigo 2.- Recoñecemento de créditos**

O recoñecemento de créditos consiste na aceptación pola universidade dos créditos que, despois de obterse nunhas ensinanzas oficiais, na mesma ou noutra universidade, son computados noutras distintas para os efectos da obtención dun título oficial. Así mesmo, poderán ser obxecto de recoñecemento os créditos cursados noutras ensinanzas superiores oficiais ou en ensinanzas universitarias conducentes á obtención doutros títulos, aos que se refire o artigo 34.1 da *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades*.

### **Artigo 3.- Recoñecemento de créditos nas titulacións de grao**

3.1. O recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de grao deberá respectar as seguintes regras básicas:

- a) Sempre que a titulación de destino pertenza á mesma rama que a de orixe, serán obxecto de recoñecemento un número de créditos que sexa polo menos o 15 por

cento do total de créditos do título, correspondentes a materias<sup>1</sup> de formación básica da dita rama.

- b) Serán tamén obxecto de recoñecemento os créditos obtidos naquelas outras materias de formación básica cursadas pertencentes á rama de destino.
- c) O resto dos créditos poderán ser recoñecidos pola universidade tendo en conta a adecuación entre as competencias e os coñecementos adquiridos, ben noutras materias ou ensinanzas cursadas polo/a estudante ou ben asociados a unha previa experiencia profesional e os previstos no plan de estudos ou que teñan carácter transversal.

3.2.- Recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación:

- a) O alumnado de Grao da Universidade de Vigo, de acordo co *Regulamento de créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación* (Consello de Goberno do 19 de outubro de 2016), poderá solicitar o recoñecemento académico de créditos optativos polas ditas actividades por un máximo de 6 créditos do total do plan de estudos cursado.
- b) Independentemente do recoñecemento indicado no punto anterior, o alumnado de Grao da Universidade de Vigo poderá solicitar o recoñecemento académico de ata un máximo de 6 créditos optativos por formación en idiomas, sempre que a citada formación se realice ao longo da súa permanencia na universidade e estea impartida pola Área de Normalización Lingüística da Universidade de Vigo, polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo, por un centro de linguas universitario acreditado pola Confederación Europea de Centros de Linguas de Ensino Superior, ou por unha Escola Oficial de Idiomas ou centro oficial equivalente noutro país.
- c) No caso en que a memoria de verificación da titulación correspondente fixe un número máximo de créditos para recoñecer por actividades universitarias menor de 12 créditos, aplicarase o máximo recollido na memoria de verificación. Neste caso, o estudantado poderá solicitar o recoñecemento de créditos por actividades universitarias segundo o indicado en calquera dos puntos 1 e 2 anteriores ata completar o devandito máximo.
- d) Os créditos recoñecidos incorporaranse ao expediente académico como créditos optativos da titulación.

#### Artigo 4- Recoñecemento de créditos nas titulacións de máster

O recoñecemento de créditos nas titulacións oficiais de máster deberá respectar as seguintes regras básicas:

- a) Serán obxecto de recoñecemento por materias, módulos e complementos formativos do programa dos estudos de máster calquera estudo universitario, perfil académico ou profesional coincidentes coas competencias e coñecementos que se impartan no

---

<sup>1</sup> Nesta normativa enténdese materia como *asignatura*

máster así determinado mediante a correspondente resolución reitoral, de conformidade cos órganos académicos destes estudos.

- b) Os módulos, materias e complementos de formación recoñecidos consideraranse superados a todos os efectos e figurarán no expediente do alumnado.
- c) Só se poderán recoñecer estudos correspondentes aos segundos ciclos de ensinanza conducentes ás titulacións de Licenciatura, Enxeñaría e Arquitectura ou a outros másteres oficiais.

## **Artigo 5.- Recoñecementos de créditos por experiencia laboral e profesional e por títulos propios**

De acordo co establecido no *artigo 6 do Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias oficiais*, a experiencia laboral e profesional acreditada poderá ser tamén recoñecida en forma de créditos que computarán para os efectos da obtención dun título oficial, sempre que a devandita experiencia estea relacionada coas competencias inherentes ao antedito título.

O número de créditos que sexa obxecto de recoñecemento a partir da experiencia profesional ou laboral e de ensinanza universitarias non oficiais non poderá ser superior, no seu conxunto, ao 15 por cento do total de créditos que constitúan o plan de estudos.

Non obstante o anterior, os créditos procedentes de títulos propios poderán, excepcionalmente, ser obxecto de recoñecemento nunha porcentaxe superior á sinalada no parágrafo anterior ou, de ser o caso, ser recoñecidos na súa totalidade sempre que o correspondente título propio sexa extinguido e substituído por un título oficial.

En todo caso, non poderán ser recoñecidos os créditos correspondentes aos traballos de fin de grao e máster.

## **Artigo 6.- Validación parcial de estudos estranxeiros**

De acordo co establecido no *RD 967/2014, do 21 de novembro*, a validación de estudos estranxeiros por estudos universitarios españois parciais correspóndelle á universidade española á que a persoa interesada solicitase a devandita validación para proseguir os seus estudos, de acordo cos criterios que fixe o Consello de Universidades.

Estudos estranxeiros obxecto de validación:

- a) Poderán ser validados os estudos universitarios estranxeiros que cumpran os criterios que fixe o Consello de Universidades e que non incorran en ningunha causa de exclusión recollida no artigo 3 do *Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro*, terminaran ou non coa obtención dun título.
- b) Cando os estudos conclúsen coa obtención dun título estranxeiro que dea acceso a unha profesión regulada, a persoa interesada poderá optar entre solicitar a homologación polo título universitario oficial español correspondente ou a

validación destes estudos, tendo en conta que ambas posibilidades non poden solicitarse simultaneamente.

Cando despois de solicitar a homologación dun título, esta fora denegada, a persoa interesada poderá solicitar a validación parcial dos seus estudos, sempre que a denegación non se fundase nalgunha das causas recollidas no artigo 3.2 do *Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro*.

Unicamente se poderán recoñecer/validar as materias superadas por cada estudante sempre que as competencias acreditadas, os contidos e a carga lectiva se consideren incluídas en materias dun plan de estudos conducente á obtención do título oficial ao que pretende acceder.

## **Artigo 7.- Recoñecemento de estudos anteriores ao *Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro***

O procedemento e criterios para o recoñecemento parcial de estudos de titulacións anteriores ao *Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro* serán os establecidos nesta normativa.

## **Artigo 8.- Unidade de recoñecemento**

A unidade de medida para o recoñecemento será o crédito. Deben recoñecerse materias completas. No expediente figurarán como créditos recoñecidos e teranse en conta para os efectos de considerar realizados os créditos da titulación.

## **Artigo 9.- Criterios para o recoñecemento de crédito**

9.1 Os criterios xerais de recoñecemento son aqueles que fixe o Goberno e, no seu caso, concrete a Universidade de Vigo.

9.2 Os centros poderán establecer, para cada unha das súas titulacións de grao e máster:

- a) Criterios específicos adecuados a cada titulación de grao ou máster do centro. Estes criterios serán públicos e vincularán as resolucións que se adopten.
- b) Táboas de equivalencia entre estudos cursados noutras universidades e aqueles que poidan ser recoñecidos no plan de estudos da propia universidade. Nesta táboas especificaranse os créditos que se recoñecen e, de ser o caso, as materias, conxunto de materias ou módulos equivalentes e os requisitos necesarios para establecer a súa superación completa.
- c) Táboas de equivalencia entre as titulacións anteriores ao *Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro*, e as titulacións adaptadas a esta normativa.

Estes criterios e táboas aprobaranse en Xunta de Centro e faranse públicos para coñecemento xeral.

9.3 As memorias de verificación das titulacións de grao e máster deberán incluír e xustificar os criterios de recoñecemento de créditos ós que se refire esta normativa así como o número de créditos que se recoñecerán por:

- a) Créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias.
- b) Créditos cursados en títulos propios
- c) Acreditación de experiencia profesional ou laboral

9.4 Comunicaráselle a cada estudante os créditos recoñecidos e o número de créditos necesarios para a obtención do título, segundo as competencias acreditadas e segundo os seus estudos de procedencia. Tamén poderá especificarse a necesidade de realizar créditos de formación adicional con carácter previo ao recoñecemento completo de módulos, materias ou ciclos.

## **Artigo 10.- Cualificación no recoñecemento de créditos.**

A cualificación nas diferentes modalidades de recoñecementos de créditos son as seguintes:

10.1 Entre materias de distintas titulacións oficiais: As materias recoñecidas no plan de estudos no que a/o alumna/o se matricule incorporarán a mesma cualificación das materias de orixe, agás que non teñan cualificación ou que figuren coa mención de apto.

10.2 Recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias: Poderán ser obxecto de recoñecemento os estudos que conduzan á obtención dos títulos oficiais de grao dende un título de técnico/a superior de formación profesional, de técnico/a superior de artes plásticas e deseño e/ou de técnico/a deportivo superior, nas condicións que establece o *Real Decreto 1618/2011, de 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da Educación Superior.*

As materias recoñecidas en grao incorporarán a cualificación da nota media obtida no ciclo superior. Non se poderán recoñecer este tipo de ensinanzas en titulacións de máster universitario.

10.3 Recoñecemento de créditos por cursar ensinanzas universitarias non oficiais (títulos propios): O recoñecemento destes créditos non incorporará cualificación polo que non computarán para os efectos de baremación do expediente.

10.4 Recoñecemento de créditos por acreditación de experiencia profesional ou laboral: O recoñecemento destes créditos non incorporará cualificación polo que non computarán para os efectos de baremación do expediente.

10.5 Recoñecemento de créditos por prácticas externas extra curriculares: O recoñecemento destes créditos establécese na Normativa sobre prácticas externas do alumando da Universidade de Vigo.

10.6 Recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación: o recoñecemento destes

créditos non incorporará cualificación polo que non computarán para os efectos de baremación do expediente.

## **Artigo 11.- Procedemento para o recoñecemento de créditos.**

11.1 O recoñecemento de créditos desta normativa realizarase de acordo cos seguintes procedementos:

- a) O recoñecemento de créditos establecido no artigo 3.2 realizarase de acordo co procedemento e prazo que se estableza no *Regulamento de créditos pola participación en actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudiantil, solidarias e de cooperación*.
- b) O recoñecemento de créditos establecido no artigo 6 realizarase de acordo co procedemento e prazo establecido na *Resolución reitoral do 19 de febreiro de 2018 polo que se establece o procedemento para a validación parcial de estudos universitarios estranxeiros e a admisión en estudos de grao na Universidade de Vigo*.
- c) O resto dos recoñecementos aos que fai referencia esta normativa realizarase de acordo co procedemento e prazo establecidos na convocatoria de matrícula de cada curso académico e serán solicitados na unidade administrativa do centro que imparta a titulación obxecto de recoñecemento.

11.2 Os expedientes de solicitude de recoñecemento de créditos serán resoltos pola reitora ou reitor, que delegará nos/as decanos/as e directores/as, e informados pola Xunta de Centro (ou Comisión en que delegue) ou pola Comisión Académica de Máster. Este informe non será preciso no caso de solicitude de recoñecemento de materias de formación básica ou da existencia de táboas de recoñecemento.

## **Artigo 12.- Suplemento Europeo ao Título**

Todos os créditos obtidos polo alumnado en ensinos oficiais cursados en calquera universidade, os transferidos, os recoñecidos e os superados para a obtención do correspondente título, serán incluídos no seu expediente académico e reflectidos no Suplemento Europeo ao Título.

## **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A facultade de interpretación da presente normativa é competencia exclusiva da Vicerreitoría con competencia en Estudantes.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente normativa entrará en vigor a partir del curso 2018/2019.

Queda derogada a Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos para titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior (EEES) aprobada no Consello de Goberno de 23/07/2008 así como todas as instrucións e aclaracións derivadas dela”.

Dilixencia para facer constar que esta Normativa foi  
Aprobada no Consello de Goberno do día 21 de marzo de 2018

Vigo, 22 de marzo de 2018  
A Secretaria Xeral

Gloria Pena Urís